

CONSENTIMIENTO PARA A OBTENCIÓN DE DATOS PERSOAIS POLA UNIVERSIDADE DA CORUÑA (UDC)

De acordo co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e do artigo 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informamos de que os datos que nos facilite serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña, cuxos datos de contacto son R/Maestranza 9, 15001 de A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico secretariaxeral@udc.es.

Mediante a sinatura do presente documento, autorizo a Universidade da Coruña a *(precise aquí os datos concretos que serán obtidos da persoa interesada: gravación de imaxes e/ou voz, datos de contacto, etc.)*, con motivo de *(indique aquí para que actividade se precisan os datos: con motivo da participación nunha xornada, etc.)*.

Autorizo, así mesmo, a utilizar os datos tomados en... *(indique aquí o destino que se lles dará aos datos tomados: realización de enquisas, publicacións en Internet ou impresas, etc. É importante designar exhaustivamente todas as canles onde serán obxecto de difusión os datos)*, coa finalidade de *(indique aquí a finalidade do tratamento: fins de divulgación universitaria, de realizar memorias de calidade, etc. IMPORTANTE: se hai máis dunha finalidade, deben indicarse separadamente, para que se poidan marcar de forma individualizada todas ou só algunha/s)*.

(No caso de que se prevexa ceder os datos a terceiros, hai que incluír a seguinte cláusula e indicar, así mesmo, se chega a haber unha transferencia internacional de datos): Os datos poderán ser cedidos ou comunicados aos seguintes destinatarios:...

(De ser o caso, indique se os datos serán usados para a adopción de decisións automatizadas baseadas en criterios diversos (p. ex. económicos, estatísticos, xeográficos, temporais, por palabras clave, etc.), incluíndo a posible elaboración de perfís).

Os datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante ... *(indicar prazo ou establecer criterios de conservación)*.

A persoa interesada terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos, salvo que o tratamento dos datos quede xustificado con base en algunha das outras bases de lexitimación contempladas no artigo 6 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais. En calquera caso, a persoa interesada terá dereito a lle solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do tratamento. Tamén terá dereito a se opoñer ao citado tratamento, así como a

solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Así mesmo, terá dereito a non ser obxecto de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís.

Estes dereitos poderanse exercer dalgunha das seguintes formas:

- destacadamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que se pode cubrir na Sede electrónica da UDC no apartado de Outros trámites;
- mediante unha solicitude ao responsable de tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral) ao enderezo Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa Maestranza 9, 15001 A Coruña, ou ao correo electrónico rpd@udc.gal; tamén se poderá presentar a solicitude a través do rexistro telemático desta sede ou nos rexistros presenciais da UDC. A solicitude estará asinada e acompañada de copia do DNI.
- mediante unha solicitude á Delegada de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal; tamén se poderá presentar a solicitude a través do rexistro telemático desta sede ou nos rexistros presenciais da UDC. A solicitude estará asinada e acompañada de copia do DNI.

Así mesmo, as persoas interesadas terán dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Nome e sinatura da persoa que autoriza:

Lugar e data: